

MÁMOAS DO SAVIÑAO.

A anta de Abuime e a necrópole do Monte da Morá.

Traballo realizados por conta da Comisión de Estudios en Galicia da "Junta para A. de E." por FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS, ANTONIO FRAGUAS e MARÍA PURA LORENZANA

*Pra Don Xoan López Suárez, doc-
tor en Meicíña, e máis doctor ainda
en Iniciativas, en Actividade i-en
Galeguismo.*

MÁMOAS DO SAVIÑAO.—A ANTA DE ABUIME E A NECRÓPOLE DO MONTE DA MORÁ.

AS MÁMOAS DO SAVIÑAO

A terra do Saviñao, que comprende a totalidade das parroquias da alcaldía do mesmo nome e ainda algúnhia outra das veciñas alcaldías de Pantón e Monforte, caracterízase xeográficamente por formar o reborde occidental do val de Lemos e por partir augas entre o Cabe e mais o Miño; vindo quedar limitada ó norte por un alto penichán que leva á rexión de Sarria; ó sul pol-o monte de San Paio, que carea pra o Sil as suas vertentes meridionaes; ó leste, pol-a plainura baixa do val de Lemos e ó oeste pol-o curso do Miño (véxase o mapa da Lámima I.)

Nonencionamos, certamente, dar eiquí un catálogo completo e detallado do conxunto das mámoas abranguidas na terra que vímos de delimitar, traballo que soio podería levarse a bó remate, reixistando un por un todo os montes e campos non cultivados, e amiudando os inquéritos en cada parroquia i-en cada lugar, xa que as continuadas depredazóns de que dende antigo, venhen sendo obxecto as moréas tumulares, fan que en moitas ocasións a sua masa sobresaxa moi pouco ou rén do chán circundante, podéndose lembrar pr'o caso o ocurrido a un de nós no Monte Albán (Rairiz, Limia), onde o emprazamento de unha mámoa, que por certo rendeu abondoso espolio, foille sinalado pol-a lembranza popular despois de ter desparecido todo vestixio exterior da sua presenza e ainda o que nos aconteceu c-unha das mámoas do monte da Morá, n-ista mesma terra do Saviñao, esborrallada ata o extremo de non quedar no sitio que n-outrora ocupara, mais que unha área circular limpa de vexetazón, e cuia existenza indícouñola un labrego denantes de recollermos os datos folklóricos que confirmaron as suas afirmazóns.

Refireñse pol-o tanto as notizas que imos enumerar agora, únicamente ós grupos de mámoas ollados e eisamificados por nós, e a aquiles outros dos que tivemos novas por persoas merecentes de creto, apesar de coal porémossile no correspondente epígrafe do texto e á beira do sino conque aparecen indicados no mapa da

Lámina I, un interrogante pra distinguilos dos que persoalmente fitamos.

A relazón de tales grupos de mámoas é como sigue:

Grupo da Cruz de Forcados—(n.º 1 no mapa). Sitúase na chán que remata o monte de aquil nome e perto do lugar de Forcados e do Castro de Orxaínza.

Fórmano catro mámoas moi remexidas e que non presentan vestixios de anta, agás unha na que ollamos deitado un anaco de esteio de 1 metro de longo.

Grupo de Abuime—(n.º 2 no mapa). Emprázase n-unha cha que se estende entre a aldeia de Abuime e a estrada que vai ó Escairón.

Iste grupo que debía ser numeroso a xuzgar polo nome de *Campo das Mámoas*, que leva o lugar onde está situado, conserva algúns túmulos pouco aparentes e unha anta meio derrubada, da que logo imos ocuparnos.

Grupo do Monte da i-A—(n.º 3 no mapa). Alcóntrase emprazado na soá do monte devandito e fórmano, ó parecer, tres mámoas con siñás de remeximentos.

Grupo do Monte da Mord—(n.º 4 no mapa). Situado na divisoira do Miño e do Cabe, no anaco que vai de Lamacredaba a Vilar de Ortelle.

Achase constituído por once mámoas, que foron esporzadas por nós, e das que falaremos con vagar mais adiante.

Grupo da Gándara de Pomeiro—(n.º 5 no mapa).—Emprazado na parte mais alta e meridional de aquela gándara, e non lonxe do castro de Guiatar e da estrada de Ourense a Monforte.

Costitúeno sete mámoas, abertas xa, anque bastante ben conservadas.

Grupo do Monte de Tor?—(n.º 6 no mapa). Indicúenosen a esistencia de mámoas niste lugar, que non os foi posible visitar.

Anta de Licín?—(n.º 7 no mapa). Asegún nos infórmaron, perto da aldeia de Licín e n-un eido de un certo señor López, puxose, hai xa tempo, ó descoberto, unha anta soterrada, que logo volvieron acochar os que a atoparon ca mesma terra que denantes a cobrían.

Fora da apurada inspección de estas necrópoles, levada a

cabo as mais das veces, ó mesmo tempo que se verificaba a catalogación dos numerosos castros da bisbarra, fixemos durante o mes de Agosto do ano de 1929, algúns traballos mais detidos. Foron istes traballos o cíambo e mensuración da anta de Abuime e a esporzación compreta da necrópole do monte da Morá.

De iles imos falar agora.

A ANTA DE ABUIME

Erguense os restos de ista anta no medio de unha gándara estesa, chaira e cultivada en parte, que fai divisoira de augas entre o Miño e o Cabe e que se sitúa perto da aldeia de Abuime e da estrada que leva o Escairón, centro das comunicazóns de toda a bisbarra.

No estado en que oxe se alcontra o megalito (Lámina II) non é doido facerse unha idea exacta e crara da sua manitude e verdadeira forma. Quedan ainda en pie e colocadas nos seus primitivos asentos, cinco grandes chantas (fig. 1) que meden de ancho respectivamente: a número 1, 1-50 metros; a 2, 1-65 metros; a 3, 1-80 metros; a 4, 1-15 metros e a 5, 1-30 metros e que pechan por tres bandas unha cámara poligonal de 3-55 metros de ancho, da que debía servir de cabeceira a chanta número 3 que é a maior de todas.

Ningunha de istas pedras, agás a 2, que pola parte de abaxio monta algo na 3, aparece imbrincada pol-as suas colaterais, nin ó seu pé se aprecian vestixios aparentes da moréa tumular.

À dereita da chanta número 5 óllase outra pedra, a número 9, que sobresai pouco do chán, e a carón da número 1, alcóntranse deitadas unhas por riba das outras e afundidas no chán as tres laxes que se sinalan na figura 1 cos números 6, 7 e 8.

Outra chanta do megalito foi convertida por un cantero en pia para beberen o gado e trasladada ó curro da casa de un veciño, de Vilasante.

Alcontrámonos pol-o tanto que a anta estaba formada pol-o menos por dez pedras, sen contar cas tampas da coberta das que non atopamos restos e que deberon desparecer hai xa tempo. Partindo de iste dato e fixándonos en que a abertura actual da porta




Fig. 1

— 70 —

ten 3 metros de ancho, mensura desde logo desproporcionada, podemos supor que a continuación das chantas 1 e 5 emprazábanse outrora, as duas laxes que flanqueaban a verdadeira porta, laxes que quizais sexan a número 6, que se olla oxe perto da 1, e a que foi trasladada a Vilasanté, que é de un tamaño análogo ó das chantas que ainda se conservan en pe, abrindose a continuación de ista entrada un corredor curto, do que deben ser vestixios as pedras 7, 8 e 9, moito mais pequenas que as suas compañeiras e situadas fora da área abrangida pola cámara e na direición probábel do corredor indicado.

Dinos de nota son os feitos de apareceren as chantas, pouco espetadas ó parecer, no chan do que sobresaen de 1-50 a 1-80 metros, e o non apreciarse ó seu arredor restos da mámoa. Coidamos que ambas cousas obedecen ó xeito de construída da anta, que contrariamente ó que ocorre ca maioría das das Galiza, moi atuadas polo xeneral, debeu erguerse abrindo na terra un burato pouco fondo e achegando ó seu arredor os materiais do túmulo que servirían de plano incrinado pra o alastrado e colocarán das pedras que se dispuxeron co acostumado pendur cara a parte de dentro da cámara. Os continuados rexistros e deprezadous que meio esborrallaron a anta e os traballos agrícolas, rozas e bortreas, axuntados ó proceso de denudación das chuvias e do vento espricán ó noso xuizo satisfactoriamente a desaparición da mámoa que quizais non chegase a abrir primitivamente as tampas ou tampa que se apoíaban sobre os cabos das chantas.

A pedra empregada pra construir o megalito foi a pedra de gra, abundosa na bisbarra, careñándose pra o interior da cámara os lados planos resultantes do corte na canteira.

A NECRÓPOLE DO MONTE DA MORÁ

Compre que denantes de entrar na descripción de ista necrópole e no eisame dos resultados da sua escavación fagamos algunas advertencias preliminares.

Pol o xeneral o traballo de esprorázón das mámoas galegas é un traballo caro, fatiguento e de cativos resultados. Remexidas fondamente en moitas ocasións polos buscadores de tesouros

— 71 —

e desfeitas case de cote as antas que acochaban no seu interior, polos pedreiros ou polos labregos, faise necesario o desmontar enteiramente as moreas tumulares, por veces de tamaño considerábel, e rexistrar un por un os torrons que se erguen ca aixada, pra poder recoller os escassos restos de moblario salvados de anteriores catas i-esparexidos ó maquiarse a terra que antergamente enchiña as antas.

A istas dificultades de orde material xuntáronse no monte da Morá outros inconvenientes relazoados ca interpretación de parte do material cerámico recollido.

N-algunhas das mámoas escavadas apareceron testos adornados con decorazóns tipicamente castrexas, saíron n-outras anacos romanos ou modernos i-en todas furtura de cerámicas lisas e feitas a mán, iguales ás cerámicas lisas dos castros, parecendo deducirse de todo elo que durante moito tempo e namentras que as antas estiveron en pe e poideron servir de abrigo e goardia contra a intemperie, foron utilizadas como lugares de acocho por pegoreiros ou por xentes nómadas.

Agora ben, nas antas galegas, atópase pol-o xeneral unha caste de cerámica lisa de paredes grosas, de torrado imperfecto e de superficie designal que doidamente se distingue das cerámicas castrexas, mais á sua beira teñen aparecido nalgúns lugares (Val do Barbantíño, Monte das Motas) restos de vasixas más finas e millor traballadas e cocidas que de unha maneira absoluta confíndense con certos tipos de vasixas lisas dos castros.

Ista circunstancia prantea pra nós o problema da atribución a unha das duas épocas, da grande maoría dos testos recollidos nas nosas escavazóns, que se verificaron en mámoas cas antas destruídas ou derrubadas e revoltas de tal xeito que no fondo de unha de elas atopamos un clavo dos que se usan actualmente na costrución dos carros do país, sendo pol-o tanto imposible o fixar nin aprosimadamente camadas ou niveis.

Por todo elo parecenos o mais acertado, axuntar tales cerámicas n-un grupo aparte que desinaremos co nome de *cerámicas de aparenza castrexa*, debendo engadir ainda que a mesma prodigalidade conque apareceron e feito comprobado da duración dos vasos de iste tipo deica os tempos romanos e deica ben

entrada a Edade Meia, fainos sospeitar que a sua atribución más segura e dende logo a que cai fora da nosa cultura dolménica.

E unha vez feitas estas aclarazons imos entrar no estudo das mámoas esporádicas.

O monte da Morá rube en costa lene dende Lamacrebada a Vilar de Ortelle, n-unha estensión aprosimada de dous kilómetros, partindo as augas entre o Cabe e o Miño, n-unha divisoria pouco aparente sen cotos nin outeiros que carea pra o primeiro de aquiles río unha vertente moi soave encetada apenas polos leitos iniziaes e pouco precisados de algúns regatos e que presenta en troques pr'a banda do Miño unha costa longa e violenta, fortemente traballada pol a erosión e cortada fondamente por cauces de augas torrenteñas que nos tempos chovedizos precipitanse gurgullantes en precura do río.

Caracteriza e cobre o monte unha vexetación mesta e baixa de toxo (ulex) e de carpazas (ericas e cistaceas) que no país do Saviñao concéñense más comunmente co nome de brezos. Estendese iste tapiz vexetal deica bater, pol-o norte cos eidos de Lamacrebada, pol-o nacente ca estrada que vai do Escárif a empalmar ca de Ourense a Monforte, que o separa con bastante esasitude dos lameiros e píñeiraes de Nadal e da Santa Mariña, pol-o sul ca primeiras leiras cultivadas de Vilar de Ortelle e pol-o oeste ata testar cos socalcos da ribeira do Miño.

Unha circunstancia do emprazamento da necrópole da Morá que non debe deixar de menzearse e a da sua proximidade con dous castros, os de Vilar de Ortelle e Santa Mariña, situados a menos de un kilómetro dos túmulos mais meridionais. A ista vecindade debemos atopar indudablemente a furtura de cerámicas castrexas que atopamos nas mámoas, levadas ali de seguro por pegoreiros adscritos a aquelas acrópoles ou quizais por xentes que estableceron o seu domicilio ó agarimo das pedras das antas.

As mámoas conservadas son once, dez das coales aparecen colocadas no deballo donde que olla pra o Cabe, emprazándose a única da vertente do Miño n-un espónol penedento encaixado entre duas depresións do terreo. Do aspecto de unha parte da necrópole dá ideia a lámina III, e da disposición das sepulturas o croquis da figura 2, onde se ven nove de elas axuntadas en duas rin-

gleiras que van case paralelas a estrada e soio duas, a 10 e a 11, arredadas do grupo principal.

As características das once mámoas e o inventario dos obxectos n-elas recoillido, son como sigue:

Mámoa n.^o 1.—A mais setentrional de toda a necrópole. Aparecia moi rebaixada e con sínfis de rexistros anteriores. Media 14-60 metros de diámetro e conservou ata hai dous anos unha pedra da




Fig. 2

CROQUIS DA NECRÓPOLE DA MORA

anta que se ollaba deitada n-un burato feito no meio da morea tumular.

Estaba ista constiuida por terra e algunas pedras de regular tamaño agrupadas na banda do nacente pra onde foron botadas quizais nalgúnha escavazón anterior.

A unha fondura de 40 centímetros comenzou a asoellarse o material que consistía en:

Un machado de serpentina, de 139 mm. de longo por 58 milímetros de ancho maisimo. Ten sezón rectangular e aparez polido na parte do gume, presentando no resto da sua superficie, zonas polidas e outras rugosas (Lámmina IV e fig. 3).

Dous puntas de frecha, unha de pederneira marea e outra de pederneira gris e ambas de base triangular e ben retocadas (Lámmina V números 1 e 2).

Un seixo lascado en forma de raspador. (Lámmina V núm. 3).

Tres pedras inferiores de muíños de man non circolares, que meden 340 X 24 X 10 mm; 26 X 20 X 12 e 29 X 16 X 10 respectivamente. A primeira (Lámmina VI núm. 1) semella pertencer a un muíño pra grán e as outras duas deberon servir pra moer algúna materia colorante, anque debabamos confesar que non atopamos siñal de ela no oco central da cara moente nin n-outros lugares da sua superficie (Lámmina VI núm. 2 e 3).

De testos de cerámica das antas, lisos, de coor castaño, grosos e maamente torrados. Do conxunto de istes testos (Lámmina V núm. 4 e 5) destaca un anquíño de borde quizaís pertencente a unha vasixa en forma de cunca. (Fig. 4, núm. 1).

Mámoa n.^o 2.—De 14-90 metros de diámetro, 70 centímetros de alto e formada escuramente por terra.

No centro da mámoa, i-escavado na arcilla dura que hai por baixo da camada de terra vexetal do monte, apareceu un puzo circolar de 1-55 metros de diámetro por 3 de fondura. No cabo de iste puzo, que denunzaba xa por si soio o emprazamento de unha cámara moi atuada, atopamos dous anacos de chanta, un pequeno e outro mais grandeiro que media 1-20 metros de longo por 50 centímetros de ancho.

O espolio redúxose a varios testos de cerámica das antas, lisa, de coor anegrazado pol-o esterior e castaño roxizo nas fracturas, non moi grossa, de fabricación ruda e descoildada e tan ruimamente torrada que case se desfa ó metela na auga. Son particularmente interesantes dous anquíños de borde con revira lixeira (Fig. 4, núm. 2).

Asoelláronse tamén dous testos de cerámica de aparenza castraxa e outros modernos.

Mámoa n.^o 3.—De 15 metros de diámetro, 1 de alto e feita somen-




Fig. 3

MACHADO DA MÁMOA NÚM. 1

MÁMOAS DO SAVIÑAO

11

te con terra. Como todas presentaba vestixios de fortes remeximentos.

Deu unha pedra de muiño (Lámina VI núm. 4) e cinco testos lisos, non moi típicos, mais que pol-a sua rudeza parecen pertencer á especie das antas.

Alcontramos tamén, a parte inferior de un pote ou ola, unha asa e outros anacos de vasos de aparenza castrexa e dous testos decorados, un do borde moi ancho de unha vasixa en forma de anfora, no que se ollan riscos concéntricos e circolíños estampados e o outro que ostenta un cordón en relevo con encaduradas trasversales. (Lámina VII números 1 e 2). Ambas decorazóns son típicas da cultura dos castros.

Mámoa n.º 4.—De 17 de diámetro e 1.30 de alto e feita de terra e algunas pedras de regular tamaño.

No centro presentaba un puzo, escavado na arcilla natural do monte, semellante ó da mámoa núm. 2. Anque n'il debou emprazarxe unha anta non atopamos por ningures restos dos esteos nin da tampa.

Asoellouse unha lasca de un instrumento de seixo polido, que debou ser esnauquizado nalgún rexistro anterior co gallo de experimentar se era de ouro por dentro, outra pequena lasca de pederneira e un cristalino de seixo.

Apareceron tamén testos pouco numerosos de cerámica das antas, algúns outros de aparenza castrexa duas asas de vasixas modernas e uns anacos ó parecer de ladrillo.

Mámoa n.º 5.—De 23.60 metros de diámetro, 1.40 de alto e feita soio de terra. A arcilla do monte aparecen no centro da mámoa despois de afondar 2 metros por baixo do nivel do chán.

Deu, com'a anterior unha lasca de un instrumento de seixo polido, un cristalino de seixo, unha lasca de pederneira, un testo de aparenza castrexa e anacos de ladrillos.

Mámoa n.º 6.—De 16 metros de diámetro, 1 metro de alto e feita




Fig. 4

PERFIS DE TESTOS CERÁMICOS DAS MÁMOAS NÚMS. 1 e 2

de terra. A arcilla do monte apareceu no centro da mámoa a 1-80 metros de fondura por baixo do nivel do chán.

Apanhamos na escavazón poucos e cativos testos de aparenza castrexa e varios anacos da parte inferior de unha vasixa grande (ola, lagoeira ou oinochoe) de paredes grosas, feita n'un torno de rotación lenta, lisa, sen pinturas nin barniz e que nos parece de fabricazón romana.

Mámoa n.º 7.—De 16 metros de diámetro e 1-20 de alto. No seu centro e a maia de 2 metros por baixo do nivel do chán atopamos os cabos inferiores de catro chantas, estpetadas ainda na arcilla e con siñas evidentes de ter sido partidas a golpes de marreta, polos pedreiros. O mais alto de istes anacos de chanta mediu 1-20 metros e os outros de 50 a 60 centímetros, cingundo todosiles, parte de unha cámara poligonal (fig. 5), a que deben fallar posiblemente outras duas ou tres pedras sen contar ca tampa. O redor de estos restos de anta alcontramos regular cantidad de pedras pequenas que servirían outrora pra entilar os esteios ou chantas.


A escavazón de ista mámoa deu o moblario seguinte:

A metade da pedra superior de un muíño de man, non circolar.

Unha punta de frecha de pederneira de forma trapezoidal (Lámima VIII núm. 1).

Un nódulo e unha lasca de pederneira.

Seis doas de callaite, unha de elas en forma de grau de millo, outra cilíndrica e catro discoideas, que meden de diámetro



PLANTA DA ANTA DA MAMOÁ NÚM. 7

MAMOAS DO SAVIÑAO



Lámima II.—ANTA DE ABUIME



Lámima III.—UN ASPECTO DA NECRÓPOLE DA MORÁ
(OS NÚMEROS QUE VAN POR RIBA DAS MAMOAS CORRESPONDEN OS CONSIDERADOS NO CROQUIS DA FIGURA 2)

MÁMOAS DO SAVIÑAO




Lámina V
PUNTAS DE FRECHA, SEIXO LASCADO E CARÁMICAS DA MÁMOA N.^o I




Lámina IV. — MACHADO DA MÁMOA N.º 1



Lámina VI.—MUIÑOS DE MAN
OS NÚMEROS 1, 2 E 3 SON DA MÁMOA NÚMERO 1 E O NÚMERO 4
DA MÁMOA NÚMERO 3

FLORENTINO L. CUEVILLAS A. FRAGUAS E PURA LORENZANA




Lámina VII
CERÁMICAS CASTREXAS DA MAMOA N.º 3




Lámina VIII
PUNTA DE FRECHA E DOAS DE CALLAÍTE DA MAMOA N.º 7

respectivamente 15, 9, 14, 13, 10 e 5 mm. A maior e mais pequena de istas doas teñen unha cor verde escura e as restantes son verde claras, presentando algunas de elas lixos brancos, pardacentos e negros. (Lámina VIII números 2 a 7).

Algúns anacos de cerámica das antas e testos poucos abondosos de aparenza castrexa e
Un clavo de carro.

Mámoa n.º 8.—De 18 metros e 90 centímetros de alto. Non ollamos nela pedras da anta, atopando soio unha regular cantidade de sexos, que quizais servirían pra tillas dos esteios.

Asoelláronse n-ela mámoa, cinco lascas de pederneira, testos cerámicos de aparenza castrexa e modernos e escorias de fundición de ferro.

Mámoa n.º 9.—De 25 metros de diámetro e 1-15 de alto. Achamos no seu interior dous grandes anacos de chanta e regular cantidade de cachote que facía ó xeito de un valadinho que coidamos obra posterior ó erguemento da anta.

Asoelláronse os seguintes obxectos:
Unha pedra superior, moente, de un muiño de man non circolar.

Seis lascas de pederneira.
Un seixo rolado.
Unha pedra de afiar seguramente moderna.
Escasos testos de cerámica das antas, algúns outros de aparenza castrexa e moitos modernos.

Mámoa n.º 10.—De 23 metros de diámetro, 1-50 de alto e formada de terra misturada con pedras pequenas.

Acháronse n-ela anacos de cerámica de aparenza castrexa moderna e escorias de fundición de ferro.

Mámoa n.º 11.—Chamada a *Mamoita de Rubuxós*.

Ésta tan compretamente esborrallada, que apenas quedan outros vestixios da sua existencia, que o nome, algúnhia lembranza folklórica e unha área circolar limpia de vexetación que ocupa o lugar do seu emprazamento.

Non foi esporadica.
En total-as mámoas escavadas alcontramos carbóns de carballo e de torgo de xestas.

CONSIDERAZÓNS

Os emprazamentos das necrópoles.—De conformidade co que levamos observado n-outros lugares de Galiza, erguense de preferenza as mámoas do Saviñao, nas soás dos montes e nas gándaras abertas. Corresponden ó primeiro tipo de emprazamento os grupos da i-A, da Cruz de Forcados, de Abuíme e da Morá, e ó segundo o de Pombeiro, quedando sen determinar as situacións exactas do grupo do monte de Tor e da anta de Licín, cuios locais non podemos visitar asegún atrás dixemos.

Non son certamente escrusivos na nosa terra istos xeitos de emprazamento e algunas veces, en Axeito, en Cobas e nas Maus de Salas, temos alcontrado túmulos en lugares baixos ou arrecantados, mais istes casos son dende logo excepcionais e o normal é que as mámoas aparezan en lugares altos ou despexados. En chás que rematan montañas ou serras están as necrópoles do Monte grande, das Motas, do Laboreiro, do San Cibrão, da Barbanza, de Mazairas, das Lás, do Castro de Negros, do Penide, de Rodeiro, da Golada e do Bocelo, i en gándaras, as de Budíño, Monte Alban, Maceda e moitas das abondosas da bisbarra de Melide, é decir a imensa maoría das estudiadas ou esaminadas deixa agora en Galiza. Craro está que tal fenómeno pode aporxe en parte, a destrucción, conseguinte ós traballos agrícolas, cuios efectos deixanxe sentir con menor intensidade nas terras pouco magoadas polos cultivos, como son os montes e as gándaras, mais non é menos certo que dentro de unha serra ou de unha montaña totalmente a ermo, as mámoas atópanse case de cote nas chás terminaes sendo moi raro ollalas nas ladeiras e debaldas.

Non pretendemos asentar unha teoría sobre de un número de observazóns ainda limitado, e queremos soio destacar aquiles fenómenos coincidentes que van aparecendo diante dos nosos ollos, mais compre perguntarse se ista posibele preferencia que os neolíticos galegos daban a determinados lugares, pra erguer n-iles as sepulturas dos seus mortos, obedeceria soio ó degaro de prestarles a máisíma aparenza e visualidade ou se quizais tería n-ela parte o desexo de que os raios vivificantes e purificadores do sol as

— 80 —

bicaran dende o abrente e as bañaren todo o día, debéndose lembrar en apoio de iste suposto os inindubiables vencellos que entre o culto do sol e as prácticas necrolátricas eisistiron en toda Europa no tempo das antas, vencellos ben patentes na orientación normal das portas das cámaras pra banda do nacente, e nas imaxens solares pintadas ou insculturadas nas suas pedras.

As antas.—Non é moito o que pode decirse das antas estudadas na terra do Saviñao. Destruídas por comprote as mais de elas, derribadas outras e faltosas as millor conservadas de elementos importantes da súa arquitectura, prestanse en realidade moi pouco o comentario, sendo difícil o deducir dos datos recollidos e xa espertos algunha concrusión interesante.

Pódese asegurar así e todo que os dous xeitos de costrución observados n-outras bisbarras galegas, o de cámara con esteos pouco espesados e o de cámara attuada fondamente, áchanse eiqu representados. Ó primeiro tipo pertence o megalito de Abuíme cuias chantas sobresain do nivel natural do monte de 1-80 a 1-50 metros e no segundo temos que clasificar a totalidade das antas da Morá, que debían estar moi atuadas a xuzgar pol-a grande fondura dos puzos escavados no centro das mámoas e que atopamos en ocasións anacous de chantas.

Débese adverter tamén a iste respecto que pol-o xeneral as antas galegas de maior tamaño aparecen pouco afundidas e que as mais cativas alcóntran moiñas veces case enteramente soterradas. A anta de Dombate, que mede 4 X 2 50 metros; a Casinha da Moura que ten 3 X 2-20; a Casota do Páramo, con 4-60 X 3-20, a Arca da Barbanza, con 4-50 X 3; a anta de Argalo, con 4 X 3; a anta de Axeitos, con 3 X 2-78 e a Pena do Raposo de 3-50 X 2, óllanse todos cos seus esteos sobresaíndo mais de un metro do chán i-en troques as pequenas cámaras da mámoa númer. I das Motas, que mede 2 X 2 metros; a da mámoa númer. 5 do Laboreiro, con 1-25 X 1-50 e as das mámoas números 2 e 3 do San Cibrão que teñen respectivamente 1-75 X 2 e 1-75 X 1-40 atópanse soterradas de tal xeito que a tampa da coberta ven quedar aprosimadamente de 10 a 20 centímetros sobre o nivel do chán dos montes en que se emprazan.

Ista regra, que nos deixa de ter algunas excepcións, alcóntrase confirmada na terra do Saviñao. A anta de Abuíme que cos

— 81 —

seus 3,55 metros de diámetro colocase no grupo das meirandes de Galiza, presenta as súas chantas pouco espetadas e contrariamente nos túmulos da Morá que seguramente acochaban antas pequenas a xuzgar pol o diámetro dos puzos e pol-a distancia máisima que afasta os cabos dos esteios descubertos na mámoa número 7, os restos de chantas apareceron a 2 e 3 metros por baixo do nível do monte, amostrando que as cámaras foran costruídas n-unha escavazón fonda, practicada na arcilla do chán natural e que debían estar cobertas integralmente pol-a terra das mámoas, porque estas non atinguiran mais altura que a que teñen actualmente.

No que respecta a forma de todas istas antas, case que nada podemos engadir ó que deixamos dito. É moi posible que o megalito de Abuime tivese un corredor, en cuio caso paralelizaríase exactamente pol o seu tamaño feitura e non imbrincación dos esteios ca Pena do Raposo e ca Anta de Argalo, é moi posible tamén que as cámaras da Morá, pequenas, atuadas e ó parecer sen corredor, tivesen viva semelhanza cas do Monte das Motas e do San Cibrao que denantes citamos.

O machado de pedra polida.—Compre incruir iste machado, pol-a sua forma alongada e seizón cadrangular, no tipo que mais correntemente aparez nas mámoas de Galiza e do Miño portugués. Igoales ou moi imitantes a il son os recollidos nas sepulturas 1 e 2 de Monte Albán, n-unha anta de Agraceiras de Ramil, na número 7 da Mourela, en Melide, na Xiraza, en Avión, na anta de Ancora, n-unha antela de Sabroso etc. sendo de notar que as pezas de tal feito predominan notablemente sobre as de seizón lenticular e sobre as delgadas e finas de caras pranas, que se atopan mais raramente nas mámoas do noso circo cultural.

Fóra de il e xa no ámbito da civilización rica e variada do Portugal de alén Douro, os machados longos e de seizón cadrangular abundan en sepulturas e poboados eneoíticos aparecendo en Palmela, Cascaes, Casa da Moura, Furninha, Alcobaca, Monte Abrahão, Tanque etc., presentando algúns de istes eisemprases e principalmente os de Palmela, Tanque, Obidos, Cascaes e Serra das Mutelas o mesmo aspecto grosero e o mesmo polido incompreto que se olla no da Morá, feito que ven amostrar claramente que istas pezas de fabricación pouco cuidada estaban ainda en vixencia no pleo eneoítico portugués e que eran contemporáneas

das antas con salsa cúpula e da cerámica campaniforme, vindo tamén a confirmar ista crénza o achádigo de machados de forma análoga ó que nos ocupa en megalitos tan evoluzoados como son os de Soto, Viera e Menga.

A pedra en que está construído o machado devandito é unha serpentina crara, que coidamos non eisiste na terra do Saviñao mais que abonda en troques de xeito notábel na bisbarra de Melide.

As puntas de frecha.—As duas asoelladas na mámoa número 1 da Morá, pertencen ó tipo de base saínte, triangular ou arredondada, que presentando numerosas variedades (fig. 6) ten aparecido no Monte das Motas, entre Carbaliño e Cea, Monte Albán, Val de




Fig. 6.—PUNTAS DE FRECHA GALEGAS

1.—ENTRE CARBALLINO E CEA; 2.—MONTE DAS MOTAS; 3, 4, 5 E 6.—MONTE ALBÁN; 7, 8 E 9.—VAL DE VILAMARIN

Vilamarín, Villa Chá, Sabroso, Gontinhais, Ancora, Neves, Canidello, Bouza dos Corgos e Marco de Canaveses, con tal carácter de escrusividade que apenas poden sinalarselle en toda Galiza e no Miño portugués, outras esceipzóns que un eisemprar de base recta de Sabroso e outro de base cóncava da Lagoa Antela.

Ista caste especial de puntas que escoa deixa ó circo de Almería (Velez Blanco) tense atopado moitas veces nas terras portu-

guesas do Sul do Douro, aparecendo nas Carnicasas II, Outeiro do Rato, Cascaes, Casa da Moura, Furninha, Folha das Barradas, Cabeço da Ministra, Monte Abrahão e Anta grande da Orden, mais de cote en compañía de puntas de base recta ou cóncava ou con pedúnculo e azifas, parecendo representar no eneolítico do centro de Portugal, unha forma anterga, que sobreviviu no meio de outras formas más modernas e evolucionadas, namentras que no noso circlo cultural galego-minhoto, costituen, pol-a sua frecuencia e sobre todo pol-a sua case escrusividade, un elemento de caracterización tan importante como poder selo as puntas romboideas, as de folla de loureiro e as de pedúnculo e azifas pra civilización eneolítica de Almería.

A outra punta de frecha, que se alcontrou na mámoa n.º 7 ten feitura trapezoidal e fio transverso i-é de unha forma non rexistrada deixa agora en Galiza, apesaras da fartura conque se ten achado na Península e fora de ela. Frechas de iste tipo asoelláronse en Serra das Pedras e n-outros lugares de Portugal, no val do Guadalquivir, no círculo de Almería e nos megalitos vascos e cataláns, aparecendo así mesmo na cultura francesa do silex, na nórdica de Scandinavia e Dinamarca, etc.

A longa perduranza de semelantes microlitos, cuia antigüidade remontase ós conchellos de Mugem e ainda o capsense, queda amostrada pol-a sua aparizón en meios de un eneolítico ben findeiro como son entre outros os de Almería e Velez Blanco, anque posiblemente estiveran xa por ista época en plena decadenza, como fai notar Nils Aberg, fixándose na sua escaseza nas grutas portuguesas e na sua ausenza nas sepulturas megalíticas con cerámica campaniforme da rexión de Solsona.

Os muíños de mdu.—Desinamos co iste nome ó conxunto de pedras c-unha cara aplaínada ou escavada que sairon nas mámoas números 1, 3, 7 e 9, e que pertencen seguramente a aparellos de trituración destinados a moer grás ou quizais tamén as materias colorantes (hematites) usadas pol-o pobo das antas, e que en forma de bolos téñense alcontrado en sepulturas galegas (Pontes de García Rodríguez) e minhotas (Sabrosa).

É dina de nota a relativa abundosidade conque as pedras de utilización industrial (muíños, polidores) aparecen nas mámoas galegas. N-unha, con restos de cámara, situada ó pé da ermida

de Nosa Señora do Viso, no Monte das Motas, atopamos un eisemprar moi imitante ó n.º 2 da lámina V, en compañía de cerámicas lisas e do tipo da Penha; outra igual á n.º 1 da mesma lámina, asoellouse, asimismo en compañía de testos lisos, na anta de Peña Anduríña, das Maus de Salas, e un fermoso polidor de machados achoouse na mámoa do Val de Vilamarín, cujas características e demás moblario desconecemos.

Fora da Galiza os muíños de man non circolares, alcontráronse frecuentemente en poboados eneolíticos (Velez Blanco, Castelo de Pavia) mais escasean en troques nas sepulturas coetáneas da Península, podéndose citar tan sólo as moas da galería catalana de La Llanera e coma obxectos similares as duas pedras c-unha cara prana e burato central das antas n.º 2 da Herdade da Caeira e da Herdade de Entreaguas (Alentejo) e a posible afiadoura da anta vasca de Obioneta N.

O seixo lascado.—A talla da pedra usábbase principalmente no tempo das antas, na que atingiu unha finura e perfeición extraordinarias, pra fabricaren armas (punais, alabardas e puntas de frecha) mais apríciábase tamén pra costruición de úteis (serras, foues e outros de utilización mal conocida), que presentan moitas veces un traballo descoido.

Un de istes instrumentos era sen dúbida o seixo con aparente de raspador, rudimente lascado, con corte curvo e base prana que se adapta doidamente á man, atopado na mámoa n.º 1. Desconecemos a verdadeira apricazón de iste seixo como se desconoce igualmente a das pederneiras retocadas das antas A. de Pureneque Larrazex e do Tajo de las Figuras, descubertas por Mergelina, mais a sua presenza ven amosstrar unha vez mais a forte vivacidade da industria da pedra lascada, que baixo formas de traza primitiva, perduraba na cultura das antas como había de perdar no Bronce breton de Er-Yoh e de Er-Lanic e ainda no posthallstattico romanizado da cintanía galega do Santa Trega.

Os cristalizados de seixo.—Na Morá, atopáronse anacos de seixo cristalizado nas mámoas nos. 4 e 5. Achádegos de ista caste tiñámos feitos xa en sepulturas do Monte das Motas, do Laboreiro e do San Cibrao e rexistráronse así mesmo fora de Galiza na anta catalana de Crullies e nas vascas de Arrastaran, Meloguena N. e Baiarrate.

Inórase o papel que tales cristais desempeñaban nos mobarios das antas. Pericot nos seus inventarios de *La Civilización megalítica y la cultura pirenaica*, incréíeis provisoriamente entre os adornos, mas sen indicar o xeito en que poderían seren usados, couse polo demais pouco dodata de espicrar, polo-a forma compretamente natural, sen lascado, retocado, nin furas, con que se presentan. Nós polo-a nosa parte e sen dar ó que imos decir outro valor que o de unha hipótese, incrinámounos a atribuirlle un senso relixioso ou amuleítico, fundándose principalmente pra crelo, n-unha tradición que recollimos na Fraga (Lobeira) e que coidamos existir tamén no norte de Portugal, asegúra a coal os cristais de seixo virian ter o mesmo orixe celeste que as *pedras de raión*, nome que designa en moitos lugares os machados polídos ou cerauñas.

Non quixéramos dar a ista tradición unha escesiva importancia, mais parécenos que a sua menzón non está aquí fora de lugar, sobre todo se nos fixamos en que o machado óllase insculturado nos megalitos bretóns e no penedo do Outeiro Machado (Chaves) i-en que semellantes insculturas e principalmente as primeiras ostentan un indudábel carácter representativo ou profiláctico, carácter iste derradeiro que ainda conservan as cerauñas en moitos países i-en especial n-algunhas terras do antigo reino de León.

Ora, a identificación que respecto da orixe das cerauñas e dos cristalíños de seixo fai o pobo en Galiza e no norte de Portugal, obedece sóio a unha estensión de tal crenza ou reconece por causa ideias míticas que antergamente afectaban de maneira semellante as duas castes de obxetos? Non é fácil contestar catégoricamente a tal pregunta, mais faremos notar que o feito de non aporse orixe celeste e tempestaria a outros cristais ou pedras raras, e o apareceren xuntamente machados e seixos cristaizados nos axuares das antas, incrina a supor que a segunda soluzón é a máis aceptábele.

As cerámicas.—Nas mámoas 1, 2, 4, 7 e 9 apaíñam testos que nos arriscamos a clasificar como pertencentes á especie típica das nosas antas. Son como xa dixemos de coor castaño ou anegrizado, de superficie desigual, de terra impura e están ruinamente torrados, identificándose por todos istes caracteres, e por seren

compretemente lisos con vasos atopados en antas da Galiza e do Minho (Monte das Motas, Maus de Salas, Melide, Monte Albán, Val de Vilamarín, entre Carballo e Cea, Sabroso, Gontinhães, etc.) e tamén nos megalitos de Tras-os-Montes e do Portugal do sul do Douro, especialmente n-aquiles de forma menos evoluizada (Alvao, Pedra dos Mouros, Orca do Outeiro do Roto, etc.)

Parez ser que estas cerámicas grosseiras costituen o fondo mais antigo en todo o oeste peninsular e que sobre de il veñen actuar os infruxos que fan aparecer as vasixas que Aberg caracteriza como *faits d'une argile dure e bien travaillé, polis à l'extérieur et, pour la plupart, dépourvus d'ornements*, as da especie campaniforme e dentro xa do noso círco do noroeste as do tipo da Penha.

Como denantase indicamos, moitos dos testos recollidos na Morá poden incurirse entre os de arcilla dura e ben traballada, mais a aparición a sua beira de cerámicas nidiamente castraxas e a existencia nos castros de vasixas que ofrecen as mesmas características citadas por Aberg, obriganos a facer reservas acerca de iles e a agardar que novas descubertas fornezan un millor conocemento da cerámica das nosas antas, que quizais nos permitirán algún dia revisar aquil material e asinarlle unha data menos inepta.

As doas de callaite.—É ista a primeira vez que se sinala o achádego de callaite en Galiza e no norte de Portugal.

Ohxeto indudábel de comercio no eneolítico, é posible que o seu centro de inzamento fose a Bretaña, ou precisando con maior exactitude o departamento do Morbihan, cuíos megalitos teñen fornecido ó pe de 500 doas e pendeloques, distinguíndose polo-a sua riqueza o de Tumiac, con 107 doas e 10 pendeloques que pertencian a un collar e a elementos de outros dous; o do Mont Saint-Michel con 97 doas e 10 pendeloques e o de Mané-er-H'Roeck con 41 doas e 9 pendeloques. Dende iste centro o callaite semella estenderse irregularmente cara ó sur e o leste, aparecendo unha doa na Motte de Sainte-Marie, no departamento asimismo bretón da Loire Inferior, algúns achádegos esporádicos nas grutas artificiais da Marne, tres ou catro doas nos dolmén do Aveyron e da Lozère e sete no dolmen de Luxé (Charente), pa-

sando logo mais o meiodía e sinalándose a sua presenza na galería coberta do Castellot (Provenza) na que se atoparon 114 doas, nodos de Halliae, rico tamén n-ista materia e recentemente na covela sepulcral de Trou de Viviés (Narbona) na que safron duas doas.

A favor dos contactos culturais entre Bretaña e o oeste da Península Ibérica, o callaite introduzese no centro e sul de Portugal, onde se representa por 214 doas das grutas artificiais de Palmela e por achádegos menos considerábeis das grutas sepulcrais de Cascaes, Casa Branca e Comenda da Igreja, dos monumentos 2, 3 e 4 de Alcalar e da cista de Maudinheiro, penetrando ainda na rexión fronteiriza de Salamanca, na que se sinha o achádigo de duas doas, ornamentadas con riscados xeométricos e sinos alfabetiformes, n-unha anta destruída de La Hurtada, perto de Ciudad Rodrigo.

No evidente intertroque das civilizacions eneolíticas de Portugal e Andalucía pasa o callaite deixa Almeria onde figura xuntamente con outras pedras (xade, amatista), co ambar e co marfil entre os obxectos de adorno, semellando estenderse cara ó norte, non atingindo á cultura pirenaica de Cataluña en cuios inventarios tan sabiamente redactados polo profesor Pericot, alcontramos soio na anta de Puig ses Lloses unha pedra verdacente, sen clasificación mineraloxica, habendo en troques achádegos cataláns, xa mais nidiós de callaite fora do circulo das antas.

É notábel ista probeza de callaite na devandita cultura pirenaica, tan infriada por elementos almerenses e tan avencida a sepulturas ricas n-aquela clás de pedra coma son as de Halliae e Trou de Viviés, como é notábel asimismo a sua falla nas illas Británicas, intimamente relazoadas por Irlanda ca Armórica e polo Gras Bretaña co circulo que chama Kendrick de Paris área, sendo moi posible que todos istes fenómenos reconozan por causa o serodio de aquiles contactos que quizais atinguiron a sua maior intensidade no tempo en que o callaite, estaba xa en decadencia, desprazado acaso polo introdución das primeiras perolas ou cilindros de vidro.

Ora, e volvendo as doas do monte da Morá por qué camiño chegarían á Galiza? Virían directamente dende a Bretaña ou terían por contra unha procedenza portuguesa? O primeiro albiscar das

relazóns galego-armoricáns dánolo a perfecta igualdade dos vasos campaniformes das Pontes de García Rodríguez con outros eisemprases bretóns, mais por iste tempo ou denantes xa, a civilización do centro e sul de Portugal, na que o callaite perdurou deixa a época das cistas, comunicábase con certa intensidade cas terras do norte do Douro e inzaba no seu circulo elementos propios (ídolo cilíndro da Caeira, punta de flecha de base cóncava da Lagoa Antela), e tamén seguramente co primeiro metal, o mesmo vaso campaniforme.

Non é polo tanto doado o arriscar un parecer n-iste problema de procedencias a cuia resolución podemos aportar tan soio un dato. Por causas mal conocidas, poda ser que por tallarse en cada país a pedra importada en bruto, as doas e pendeloucos de callaite presentan na sua forma e tamaño acentuados localismos, sendo polo xeneral en Bretaña grandes e con feitura de gran de millo, en Portugal globulosas, cilíndricas ou discoideas e de un traballo fino e coidoado, nos Pirineos pequenas e cilíndricas e na Provenza tamén pequenas e bastante irregulares. Agora ben, das seis doas asoelladas na Morá catro son discoideas, unha cilíndrica e outra afecta craramente a feitura de gran de millo, sendo o tallado de catro de elas bastante tosco e achándose polo tanto representados tipos existentes en Portugal, xuntamente con outros que non son ali abondosos. Nonencionamos facer afirmazóns partindo de datos tan incomprentos mais coídamos que non está de máis o destacar a coincidencia de forma de unha das doas gallegas co tipo predominante en Bretaña na esperita de que novos achádegos veñan dar luz na cuestión que deixamos planteada.

RESUME E CRONOLOXIA

O mesmo a feitura das antas que a maioría do material asociado ten somentes un valor confirmatorio, dos fenómenos observados n-outros lugares da Galiza. As mámoas do Saviñao danno aconecer cámaras sinxelas ou con comenzao de corredor do tipo pouco evolucionado corrente nas terras do noroeste, e o machado, as puntas de frecha, a cerámica lisa, os muíños de man e os cristicafios de seixo venen servir unicamente como elementos probatorios da estensión e unidade da nosa cultura das antas.

Como cousas novas e non rexistradas deixa agora entre nós, compre menorza a punta de frecha trapezoidal e as doas de calaíte. O carácter arcaico das puntas de aquil tipo, a estensa área xeográfica que ocupan e a forte vivacidade que amostran en Portugal i-en Cataluña, fan que a sua aparición en Galiza sexa un feito compretamente lóxico, que ven si acaso a confirmar a unidade inizial da civilización eneolítica do oeste peninsular. En canto ó calaíte diremos tan soio que o seu achádego pon de manifesto os contactos de Galiza con outros países, que poden seren niste caso o Portugal do sul do Douro ou ainda a mesma Bretaña.

Unha das características dos moblarios non metálicos das mámoas galegas é a sua uniformidade absoluta, alteirada soio por achádegos pouco abundosos de cerámicas campaniformes e do tipo da Penha, e que non permite de ningún xeito desxergar fases, consentindo soio o establecer, pol-a similitude ou igualdade das puntas de frecha con outras atopadas nas estazóns eneolíticas do centro de Portugal un sincronismo aprosimado.

Na Morá apareceron algúns obxectos de feitura ruda (o machado e a punta de frecha trapezoidal) mais apareceron, o primeiro en compañía das duas puntas de base triangular, cuia fina talla e cuidado traballo acusan unha evolución xa adiantada, e as segundas xuntamente cas doas de calaíte, que en todo o occidente da Europa son contemporáneas de momentos avanzados do eneolítico, sendo pol-o tanto necesario clasificar nista época o conxunto do material recollido, anque debamos advertir que en Galiza e no Miño, somentes unha sepultura con moblario lítico, deu un obxecto de cobre.

UNHAS NOTAS FOLK-LÓRICAS

En xeneral as lendas de mouros agrexanse na nosa terra con maior densidade nos castros que ó redor das mámoas e das antas, mais apesar de elo non fallan necrópoles que contén con algún folk-lore.

A da Morá non foi niste respecto das mais probes e nela acadamos os seguintes relatos, que trascrebemos tal e como nos foron contados e sen engadegas de ningun comentario.

— 90 —

«Sobre de ista mámoa (a n.º 1) había unha grande peneda que partiu ó meio. Unha metade levárona pra unha casa do lugar de Galegos mais a outra metade ergueuse nun voo e foi pousar ó río Miño.

(Contado por Severino López, veciño de Nadal.)

Referindose á mesma mámoa contounos un home de Vilar de Ortelle o seguinte:

«Houbo ciuí moito tesouro e levárono os amos antigos da casa de Lamacredaba e n-unha peneda que deixaron dada volta viñase un letreiro que decía: *a cincuenta pasos mas hay muchos millones mas.*

Asegún testimoio de unha tía de Sixto Rodríguez, veciña do lugar de Nadal, na mámoa n.º 4 «saía por veces unha moura que peiteaba os seus cabelos».

A existencia dos mouros no monte da Morá fósitos corroborada por Camilo Parga, quen baixa xuramento papal, contounos o que segue:

«Os mouros ainda hai pouco andiveron por eiquí. Sendo eu rapaz de 14 anos, vin doulos sobre da mamofía de Rebuxós. Ian vestidos c-unhas baetas encarnadas que relumbraban coma o cristal. Vinos indo eu de camiño mais cando quixen reparar ben n-iles xa despareceran i-entón decateime de que tiñan que seren os mouros e de que de ningún xeito eran homes coma nós.»